

## **DECRETOS ALCALDÍA**

### **“DECRETO DA ALCALDÍA - DESIGNACIÓN DE TENENTES DE ALCALDE**

*De conformidade co disposto nos arts. 21.2 da lei 7/85, de 2 de abril, art. 22 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e art. 46 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro,*

#### **RESOLVO**

*1.- Nomear como titulares das Tenencias de Alcaldía aos seguintes Concelleiros:*

*1ª Tenencia de Alcaldía: **D. Manuel López Casas.***

*2ª Tenencia de Alcaldía: **D. Manuel Cabas López.***

*2.- Por virtude do art. 23.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e 47.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, corresponderá aos nomeados substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións, pola orde do seu nomeamento, nos supostos de vacante, ausencia o enfermidade legalmente previstos, previa expresa delegación.*

*3.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.*

*4.- Remitir anuncio dos referidos nomeamentos para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e publicalos igualmente no taboleiro de anuncios municipal.*

*5.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.*

*6.- Os nomeamentos efectuados serán efectivos dende o día da data.*

*Mándao e asínao o Sr. Alcalde D. Antonio Pérez Rodríguez, en Xinzo de Limia, a **13 de xuño de 2015**, do que eu, como Secretaria dou fe.*

*O Alcalde,*

*Asdo.: Antonio Pérez Rodríguez.*

*Perante min, a Secretaria,*

*Asdo.: Marta Mª Gómez Ruíz.”*